



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE

GRAO EN TERAPIA OCUPACIONAL

Curso Académico 2014-2015

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Uso da videoconsola Wii para a capacitación
para a vida independente dende a perspectiva
da Terapia Ocupacional**

Sandra Rodríguez Cortiñas

Xullo de 2015

Directores do traballo

Vicente Cabarcos Dopico

Terapeuta Ocupacional do Centro de Promoción da Autonomía Persoal de Bergondo (CPAP) e Profesor Asociado da Facultade de Ciencias da Saúde. Universidade da Coruña (UDC) .

Sandra Rubial Álvarez

Neuropsicóloga do Centro de Promoción da Autonomía Persoal de Bergondo (CPAP).

Índice

1. Resumo estruturado	7
2. Introducción	10
2.1 O dano cerebral adquirido	10
2.2 A Terapia Ocupacional	11
2.3 As actividades instrumentais da vida diaria	12
2.4 A tecnoloxía da rehabilitación dende terapia ocupacional	13
2.5 Descrición e propósito do estudo	15
3. Obxectivos	17
3.1 Obxectivo xeral	17
3.2 Obxectivos específicos	17
4. Revisión bibliográfica	17
5. Material e métodos	19
5.1 Tipo de estudo	19
5.2 Entrada o campo e ámbito de estudo	19
5.3 Período de estudo	20
5.4 Poboación de estudo	22
5.5 Perfil dos participantes	25
5.6 Recollida de información	25
5.7 Material empregado para a intervención	28
5.8 Estruturação das sesións	29
5.9 Rigor ou credibilidade da investigación	33
5.10 Consideracións éticas	35
5.11 Análise dos datos	35

5.12 Posición da investigadora.....	36
5.13 Limitacións do estudo.....	36
6. Resultados.....	37
6.1 Resultado da escala AIVD.....	37
6.1.1 Resultados participante 1	37
6.1.2 Resultados participante 2	41
6.2 Compoñentes cognitivos	45
6.2.1 Resultados participante 1	45
6.2.2 Resultados participante 2	47
6.3 Observación participante.....	49
6.4 Entrevistas semiestructuradas	50
7. Discusión	53
8. Conclusións	56
9. Agradecementos.....	59
10. Bibliografía referenciada	60
11. Apéndices	65
11.1 Índice de apéndices	65

Índice de táboas

Táboa I. Criterios da revisión bibliográfica do estudo	18
Táboa II. Cronograma do estudo	21
Táboa III. Criterios da mostraxe do estudo	23
Táboa IV. Perfil dos informantes.....	25
Táboa V. Planificación sesións do estudo	30
Táboa VI. Planificación sesións Cooking Mama	31
Táboa VII. Planificación sesións Animal Crossing	32
Táboa VIII. Resultados antes e despois da Escala AIVD do Participante1	40
Táboa IX. Resultados antes e despois da Escala AIVD do Participante2	44
Táboa X. Resultados antes e despois da Batería LOTCA do Participante1	47
Táboa XI. Resultados antes e despois da Batería LOTCA do Participante2	49

Índice de Figuras

Figura I. Resultados antes e despois da Escala AIVD do Participante1	41
Figura II. Resultados antes e despois da Escala AIVD do Participante2	45

1. Resumo estruturado

Obxectivo: O obxectivo xeral deste estudo é observar si existen modificacións no desempeño ocupacional nas actividades instrumentais da vida diaria de persoas con dano cerebral adquirido mediante un programa de intervención coa videoconsola Wii.

Metodoloxía: Trátase dun estudo con metodoloxía mixta (cuantitativa e cualitativa), ambos métodos complementáanse co fin de conseguir un maior entendemento do fenómeno.

Resultados: Os resultados obtivéronse a partir do emprego de escalas de valoración, de unha entrevista semiestructurada e da observación participante. Apareciuse que o uso da videoconsola Wii modificou o desempeño ocupacional en actividades instrumentais da vida diaria, especialmente naquelas relacionadas co cociñar, manexar diñeiro e comprar e moverse na comunidade. Analizáronse antes e despois da intervención compoñentes cognitivos, nos cales apenas se observaron cambios.

Conclusións: Establécese que a videoconsola Wii capacitou os dous participantes cara a vida independente, percibindo ambos unha mellora na súa calidade de vida e determinando que a intervención mellorou o desempeño ocupacional.

Palabras clave: videoconsola Wii, dano cerebral adquirido, actividades instrumentais da vida diaria, capacitación.

Resumen estructurado

Objetivo: El objetivo general de este estudio es observar si existen modificaciones en el desempeño ocupacional en las actividades instrumentales de la vida diaria de personas con daño cerebral adquirido, mediante un programa de intervención con la videoconsola Wii.

Metodología: Se trata de un estudio con metodología mixta (cuantitativa y cualitativa), ambos métodos se complementan con el fin de conseguir un mayor entendimiento del fenómeno.

Resultados: Los resultados se obtuvieron a partir del empleo de escalas de valoración, de una entrevista semiestructurada y de la observación participante. Se apreció que el uso de la videoconsola Wii modificó el desempeño ocupacional en actividades instrumentales de la vida diaria, especialmente en aquellas relacionadas con cocinar, manejar dinero y comprar y moverse en la comunidad. Se analizaron antes y después de la intervención componentes cognitivos, en los cuales apenas se observaron cambios.

Conclusiones: Se establece que la videoconsola Wii capacitó a los dos participantes hacia la vida independiente, percibiendo ambos una mejora en su calidad de vida y determinando que la intervención mejoró el desempeño ocupacional.

Palabras clave: videoconsola Wii, daño cerebral adquirido, actividades instrumentales de la vida diaria, capacitación.

Abstract

Objective: The general objective of this study is to observe if there are any changes on the occupational performance while doing everyday tasks for people with acquired brain damage, by means of an intervention program with the Wii game console.

Methodology: This is a study with mixed methodology (quantitative and qualitative). Both methods complement each other with the aim to acquire a better understanding of the phenomenon.

Results: The results were obtained from an evaluation scale, a semi-structured interview, and the participant's observation. It was perceived that the use of the Wii game console changed the occupational performance in instrumental activities of the daily life in both participants of the study, especially in those related to cooking, money management and transactions, and move around the community. Cognitive components were analysed before and after the intervention and hardly any changes were noticed.

Conclusions: It is settled that the Wii game console prepared both participants towards an independent life. Both noticed an improvement in their quality of life, and determined that the intervention improved their occupational performance.

Keywords: wii game console, brain damage, instrumental activities of the everyday life and preparation.

2. Introducción

2.1 O dano cerebral adquirido

*“O Dano Cerebral Adquirido (DCA) está producido por unha lesión no cerebro, de natureza non dexenerativa nin conxénita, como resultado dunha forza física externa ou causa interna, que produce unha alteración no nivel de conciencia e do cal resulta unha afectación en compoñentes cognitivos, emocionais, conductuais e/ou físicos”*¹ Esa afectación na vida da persoa provoca un deterioro no desempeño ocupacional desta, véndose afectadas as actividades da vida diaria.

O desempeño de actividades consiste na interacción de compoñentes dos sistemas motor, cognitivo e perceptivo do usuario, e da relación complexa da persoa, a ocupación e o seu entorno.² As alteracións nas esferas da persoa provocan restricións na participación en actividades significativas que previamente realizaba e que eran esenciais na súa vida.

A cognición abarca funcións que permiten que a persoa analice o seu entorno co fin de resolver de forma adecuada as actividades da vida cotiá; as afectacións en compoñentes cognitivos provocan limitacións na participación en ocupacións no entorno.³ É importante ter en conta os compoñentes cognitivos xa que non só repercute na saúde do suxeito, senón que inflúe na calidade de vida das persoas que o rodean a nivel emocional e conductual.⁴

É esencial a creación de programas que promovan a saúde e preveñan a discapacidade. Para iso é imprescindible traballar dende un equipo interdisciplinar, tendo en conta a intervención de diferentes profesionais do ámbito socio-sanitario, a colaboración da familia e a voz do propio usuario, co fin de lograr o máximo benestar da persoa capacitándoa cara a vida independente e autónoma.

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

2.2 A Terapia Ocupacional

O Marco de Traballo para a Práctica da Terapia Ocupacional determina que *“a práctica da Terapia Ocupacional significa o uso terapéutico das actividades da vida diaria (ocupacións) con individuos ou grupos co propósito de participar nos roles e en situacións no domicilio, colexio lugar de traballo, comunidade e outros ambientes. Os servizos de Terapia Ocupacional provense co propósito de promover a saúde e o benestar e para aqueles que teñen ou están en risco de desenrolar unha enfermidade, lesión, trastorno, condición de deterioro, discapacidade, limitación na actividade ou restrición na participación. A Terapia Ocupacional atende os aspectos físicos, cognitivos, psicosociais, sensoriais e outros aspectos de desempeño nunha variedade de contextos para apoiar o compromiso coas actividades da vida diaria que afectan á saúde, ao benestar e á calidade de vida.”*⁵

A AOTA no 2002 proclama que os profesionais de Terapia Ocupacional consideran a unha persoa independente cando esta ten acceso á participación en ocupacións significativas, ben sexa en entornos adaptados, mediante uso dispositivos de apoio, ou a través da supervisión dunha terceira persoa. O obxectivo da disciplina de Terapia Ocupacional é que *“toda persoa necesita ser capaz ou estar dispoñible para comprometerse coa ocupación que necesite e seleccione para crecer a través do que fai e experimentar independencia ou interdependencia, equidade, participación, seguridade, saúde e benestar”*.⁵

A ciencia da ocupación *“é unha disciplina dedicada á ocupación, que informa á práctica da Terapia Ocupacional expandindo o entendemento da ocupación”*. Entendendo a ocupación como aquela actividade da vida que reflexa valores culturais e significado, a cal toda persoa ten dereito como cidadán activo dunha comunidade, con responsabilidades, dereitos e obrigacións.⁵ Por todo isto os profesionais de Terapia Ocupacional deben promover a saúde e o benestar das persoas, grupos e poboacións mediante a defensa da xustiza ocupacional. Este termo foi aplicado por

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

Townsend que *“describe o compromiso da ocupación coa ética, moral, e factores cívicos que poidan apoiar ou limitar o compromiso de promover a saúde coas ocupacións e a participación no domicilio e a vida na comunidade como cidadán activo”*, creando comunidades inclusivas e non exclusivas.

Os diferentes tipos de actividades que leva a cabo un individuo no seu ciclo vital clasifícanse en “áreas de ocupación” segundo o “Marco de Traballo para a práctica da Terapia Ocupacional”: AVDs (actividades orientadas o coidado do corpo), AIVD (actividades de apoio a vida cotiá na casa e na comunidade), descanso e sono, educación, traballo, xogo, ocio e participación social.⁵

O proceso de Terapia Ocupacional en persoas con dano cerebral adquirido consiste nun conxunto de recursos e servizos para lograr unhas metas terapéuticas de maneira eficaz, efectiva e eficiente, dende a perspectiva ocupacional, proporcionando atención personalizada na cal a persoa sexa participe na procura do seu benestar.⁶

2.3 As actividades instrumentais da vida diaria

As actividades instrumentais da vida diaria (AIVD) segundo a AOTA defínense como *“actividades que están orientadas á interacción co entorno e que frecuentemente son de natureza complexa”*. Esta categoría inclúe as seguintes categorías: coidado de outros, coidado de mascotas, crianza de nenos, uso de dispositivos de comunicación, mobilidade na comunidade, administración económica, saúde e mantemento, establecemento e administración do fogar, preparación das comidas e limpeza, procedementos de seguridade e resposta a emerxencias, e compras.⁷

A actividades instrumentais son complexas e necesarias para a vida independente na comunidade. Apoiándose na teoría de Oakley de 1991 *“as persoas necesitan desempeñar tarefas que vaian máis alá do coidado persoal para funcionar independentemente na comunidade”*.⁸ Para iso é

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

preciso unha correcta interacción entre factores físicos, psíquicos, sociais e ambientais. Autores como Unsworth, Abreu e Toglia afirman que o deterioro de compoñentes cognitivos é un risco para a participación activa e independente a nivel instrumental, comprometendo a saúde e o benestar.⁹

Dende a Terapia Ocupacional débese abordar todos aqueles factores que limiten a participación do individuo nas actividades cotiás, por iso débese ter en conta as afectacións cognitivas perceptivas nas intervencións, empoderando á persoa para que se sexa participe das súas ocupacións e que leve a cabo unha vida saudábel e satisfactoria, creando a súa propia identidade ocupacional.⁷

2.4 A tecnoloxía da rehabilitación dende terapia ocupacional

A sociedade actual está a vivir un período de avance tecnolóxico que afecta a todos os piares básicos desta. A sanidade adoptou una nova terminoloxía, “tecnoloxía da rehabilitación”, que se emprega para identificar aqueles desenrols tecnolóxicos que promoven o benestar das persoas que viron alterada a súa saúde e benestar. As tecnoloxías da rehabilitación son estratexias que empregan profesionais do ámbito socio-sanitario, como é o caso dos terapeutas ocupacionais, co fin de aportar aos usuarios recursos e servizos que promovan a participación en ocupacións significativas.⁶ Dende os orixes da disciplina da Terapia Ocupacional, esta estivo vinculada á promoción da vida independente de toda persoa; premisa relacionada co que defende a terminoloxía “deseño universal”, concepto que acolle *“calquera produto, servizo ou entorno deseñado para unha persoa con necesidades especiais, o que tamén poderá ser utilizado por unha persoa que non teña esas necesidades, mentres isto non ocorra á viceversa”*.

Co fin de garantir a equidade de oportunidades, a Convención dos Dereitos Humanos das Persoas con discapacidade recolle no artigo 19 o *“Dereito a vivir de forma independente e a ser incluído na comunidade”*.¹⁰

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

Do mesmo xeito a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea recoñece no artigo 26 *“o dereito das persoas con discapacidade a beneficiarse de medidas que garantiren a súa autonomía, a súa integración social e profesional e a súa participación na vida da comunidade”*.¹¹

As Nacións Unidas establece coa Declaración dos Dereitos Humanos no artigo 1 que *“todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos”*.¹²

A realidade virtual forma parte dese deseño universal, xa que permite que o usuario interactúe nun ambiente virtual mediante dispositivos electrónicos. Son moitas as vantaxes do uso destes dispositivos na intervención dende Terapia Ocupacional, pois permiten simular situacións da vida diaria sen risco. Esta intervención pode levarse a cabo dende o fogar e permite ao profesional realizar avaliacións de cada sesión obtendo datos relevantes para a evolución do usuario e da propia disciplina da Terapia Ocupacional.

En diferentes estudos de neurorrehabilitación levados a cabo ata a actualidade, demostraron que as neuronas do cerebro humano poden aumentar cando o individuo observa nunha pantalla o movemento natural do corpo realizado por outra persoa. Sistemas de realidade virtual como a Nintendo Wii, son simples xogos que naceron co fin de entreter, e poderían ser un futuro na tecnoloxía da rehabilitación, combinando estas ferramentas con tratamentos máis convencionais.¹³

Outros autores defenden que os xogos de realidades virtuais ofrécenlle á persoa un entorno simulado que lle permite vivir experiencias semellantes á vida real, unha interacción da persoa, a ocupación e o entorno virtual. A videoconsola Wii ofrece moitas alternativas para intervir cos individuos nun mundo irreal en condicións de equidade, isto permite que a libre exploración ofrezca beneficios de empoderamento e fortalecemento das

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

capacidades físicas, cognitivas e sociais, como dos dereitos e responsabilidades potenciando unha vida digna.¹⁴

Os terapeutas avogan pola ocupación, capacitando ás persoas na participación en ocupacións significativas, sendo estas o enlace da persoa coa comunidade.¹⁵ Nintendo Wii é un servizo que ofrece esa interacción empregando a ocupación como ferramenta de cambio e como o propio fin da intervención.

2.5 Descrición e propósito do estudo

O presente estudo de investigación foi levado a cabo no Centro de Promoción da Autonomía Persoal de Bergondo (CPAP), e formula a hipótese da utilización da Nintendo Wii no proceso de intervención en persoas con dano cerebral adquirido dende a perspectiva da Terapia Ocupacional. Mediante esta realidade virtual, este estudo pretende investigar se co uso da videoconsola Wii se pode influir no desempeño ocupacional en actividades instrumentais da vida diaria.

O CPAP é un dispositivo público a nivel estatal que depende do IMSERSO e que fica no municipio de Bergondo (A Coruña). Ofrece recursos e servizos a persoas que presentan dificultades no desempeño ocupacional por diversos motivos. As intervencións de Terapia Ocupacional están enfocadas a traballar esas ocupacións significativas que se ven alteradas, traballando coa persoa en sesións individuais ou colectivas naquelas actividades da vida cotiá nas cales quere participar.

O servizo de Terapia Ocupacional do CPAP ten planificado talleres específicos para intervir en actividades instrumentais da vida diaria, polo que se considera interesante crear novas formas de intervención, combinando as novas tecnoloxías da rehabilitación coa participación en AIVD, en aquelas persoas nas que os videoxogos teñan un significado nas súas ocupacións e a ganancia de independencia sexa un obxectivo nas súas vidas. Isto é concibido baixo a concepción do paradigma contemporáneo da Terapia Ocupacional, no cal o enfoque se centra na

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

ocupación e se entende á persoa de forma holística, inmersa nunha comunidade na que realiza ocupacións significativas, segundo os seus intereses e necesidades.¹⁵

A finalidade é observar se mediante a tecnoloxía da rehabilitación existen resultados positivos e/ou negativos, co fin de seguir investigando nesta liña, con grupos de maior número de participantes e se é posible, levar á comunidade estratexias de intervención con esta realidade virtual.

A duración da intervención do estudo é de 10 semanas, nas cales se interveu catro días á semana durante media hora, alternando o xogo de “Cooking Mama”, orientado a actividades instrumentais da vida diaria específicas de cociña, e o xogo “Animal Crossing” no cal se traballaron actividades de mobilidade na comunidade, administración económica e do fogar e compras.

Para determinar se a través da intervención se conseguiu alcanzar unha maior participación en actividades da vida diaria, a investigadora avaliou os resultados obtidos mediante escalas estandarizadas, outras personalizadas para o estudo, e tamén empregou a entrevista semiestructurada con preguntas abertas, e a observación participante.

3. Obxectivos

3.1 Obxectivo xeral

- Observar si existen modificacións no desempeño ocupacional nas actividades instrumentais da vida diaria en persoas con dano cerebral adquirido, mediante un programa de intervención coa videoconsola Wii.

3.2 Obxectivos específicos

- Valorar se co uso da videoconsola Wii se pode potenciar o desempeño ocupacional das actividades instrumentais da vida diaria.
- Valorar se co uso da Wii repercute na mellora das habilidades cognitivas da persoa, e se pode isto relacionarse cun maior desempeño ocupacional nas AIVD, ou ben se a intervención coa videoconsola inflúe directamente no desempeño nas actividades instrumentais sen percibir cambios significativos a nivel cognitivo.
- Coñecer a percepción dos usuarios sobre a intervención coa videoconsola Wii, e como esta influíu sobre as súas ocupacións.

4. Revisión bibliográfica

A revisión bibliográfica levouse a cabo nas bases de datos: Dialnet, Medes, CSIC, Pubmed e Scopus obtendo artigos en formato de texto completo.

Para as bases de datos: Dialnet, Medes e CSIC empregáronse os descritores: “daño cerebral adquirido”, “terapia ocupacional y daño cerebral adquirido”, “wii”, “nintendo”, “rehabilitación con wii”, “realidad virtual” “nuevas tecnologías”, “actividades instrumentales de la vida diaria” e “rehabilitación cognitiva”.

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

Do mesmo xeito realizouse unha busca en inglés nas bases de datos: Pubmed e Scopus empregando terminoloxía libre e MesH: “acquired brain injury”, “cognitive stimulation”, “occupational therapy”, “videogames”, “virtual reality” y “wii”. Formando diferentes combinacións utilizando o operador boleano AND.

Para completar a revisión bibliográfica realizouse busca no catálogo da UDC, revisando traballos de fin de grao relacionados coa videoconsola Wii; e no buscador Google. Seguíronse uns criterios de inclusión e exclusión para a elección dos artigos e libros empregados, que se presentan na seguinte táboa (Táboa I).

Táboa I. Criterios da revisión bibliográfica do estudo

CRITERIOS DE INCLUSIÓN	CRITERIOS DE EXCLUSIÓN
Artigos que teñan dispoñibilidade de texto completo ou con fondos na biblioteca universitaria de Oza	Artigos que non estean relacionados coas ciencias da saúde
Textos que se encontren ligados ca temática do estudo de investigación	
Artigos publicados en español, inglés e portugués	

5. Material e métodos

5.1 Tipo de estudo

Trátase dun estudo de investigación de tipo mixto, cuantitativo e cualitativo. Ambos enfoques empregados conxuntamente favorecen a investigación científica, xa que nin se exclúen nin se substitúen, se non que se complementan.¹⁶

Metodoloxía cuantitativa

Este estudo é de corte experimental descritivo e prospectivo, no cal se observa e analiza dous casos. Cada caso participou en catro sesións semanais durante as dez semanas que durou o estudo, describindo os datos recollidos ao comezo e ao final do período de investigación.¹⁷

Metodoloxía cualitativa

Neste estudo de investigación estúdanse os fenómenos no seu contexto natural, a partir das experiencias individuais subxectivas dos participantes, por iso o deseño é de tipo fenomenolóxico; co obxectivo de construír coñecemento novo tras a comprensión e interpretación do fenómeno de estudo, interpretando os significados das persoas.¹⁶

5.2 Entrada o campo e ámbito de estudo

A entrada ao campo realizouse no centro CPAP. É un recurso que pertence o IMSERSO, dependente do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.

O centro está destinado a persoas con discapacidade física e/ou sensorial en idade laboral, as cales lles ofrecen un conxunto de prestacións e servizos co fin de lograr o maior grado de integración posible, intervindo tanto a nivel persoal, familiar como social.

Dispón de 114 prazas, 84 de réxime interno e 30 de réxime de media pensión. O centro divídese en dúas unidades, por unha parte a unidade

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

das persoas con discapacidade física e/ou sensorial e por outro lado a unidade de persoas con dano cerebral adquirido.

A área de Terapia Ocupacional fica no centro dentro dos servizos técnicos de promoción da autonomía persoal, ofrece tratamentos personalizados, nos que se traballa mediante sesións individuais e/ou talleres diferentes áreas de desempeño ocupacional dos usuarios.

O servizo de Terapia Ocupacional no CPAP dispón de talleres de AIVD (taller de cociña, taller de coidado da roupa, taller de coidado do fogar, taller de destrezas de vida independente, taller de manexo do diñeiro, taller de orientación e control do entorno e taller de actividades avanzadas da vida diaria), onde se levan a cabo adestramentos convencionais de acordo a un programa deseñado e adaptado segundo as características dos usuarios.¹⁷

O acceso o ámbito de estudo lévase a cabo dentro das estancias prácticas do 4º ano do Grado en Terapia Ocupacional. En Xaneiro do 2015, co inicio das estancias prácticas da investigadora, e tras recibir o permiso da dirección do CPAP (apéndice I), comeza a recollida de datos para o estudo, proceso progresivo xa que a investigadora estivo presente nos tratamentos dos participantes, en colaboración cos titores do presente estudo.

5.3 Período de estudo

O período de estudo é entre Novembro do ano 2014 ata Xuño de 2015. Na seguinte táboa (Táboa II) preséntase un cronograma coas fases do período de estudo, dende a elaboración da hipótese ata o análise de datos e conclusións finais. A revisión bibliográfica iniciase en Novembro e dura ata a Xaneiro para a creación da hipótese e o deseño e planeamento do plan de intervención e, retomase no mes de Maio e Xuño para comparar os resultados obtidos con outros estudos relevantes.

Táboa II. Cronograma do estudo

	NOVEMBRO	DECEMBRO	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO
Hipótese de estudo								
Entrada ao campo								
Consentimentos informados								
Revisión bibliográfica								
Valoración inicial								
Planificación sesións								
Intervención coa wii								
Valoración final								
Análise dos datos e conclusións								

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

5.4 Poboación de estudo

Tipo de mostraxe.

A mostra é de tipo non probabilística de conveniencia, os participantes do estudo son seleccionados mediante deliberación entre os titores do mesmo (o terapeuta ocupacional e a neuropsicóloga do CPAP) e a propia investigadora, tendo en conta a accesibilidade, a proximidade dos suxeitos á investigadora e, por cumprir unha serie de requisitos (criterios de inclusión e exclusión). A elección dos participantes levouse a cabo en Xaneiro valorando aquelas persoas do CPAP susceptibles de participar no estudo.

Selección da mostraxe.

A selección da mostra levouse a cabo mediante unha recollida e revisión exhaustiva de datos (historias clínicas, escalas e observación) dos usuarios do CPAP. Os dous usuarios seleccionados forman parte do estudo xa que amosaron un gran interese en mellorar a súa participación nas AIVD e por outro lado, son persoas nas que as novas tecnoloxías e os xogos con videoconsolas xogan un papel importante no seu día a día.

A continuación indícanse os criterios de inclusión e exclusión que se seguiron para seleccionar a mostra, así como unha táboa (Táboa III).

Criterios de inclusión:

- Usuarios do CPAP (Centro de promoción da autonomía persoal).
- Usuarios que non presenten dano cerebral adquirido dende antes do ano 2009. Tómase esta data como referencia para aproveitar a plasticidade cerebral, isto é importante xa que canto antes se interveña nas ocupacións da persoa mediante adestramento, mellores serán os resultados que se prevé obter no seu desempeño ocupacional.
- Usuarios con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos, xa que son idades nas que se tiveron ou teñen recentemente contacto

coas novas tecnoloxías, neste caso con xogos de videoconsolas. É de gran relevancia este criterio xa que a base da Terapia Ocupacional é o significado que a persoa lle dá á ocupación que está a realizar.

- Usuarios con dependencia moderada-severa na área AIVD, considerándose neste estudo unha puntuación no Índice de Lawton-Brody menor de 5/8 (incluída esta). Búscase que os participantes amosen un nivel de desempeño baixo ou medio en actividades deste tipo, para poder observar se hai cambios no seu desempeño nas AIVD intervindo nestas mediante a realidade virtual.
- Usuarios que presenten interese nas novas tecnoloxías e na participación no estudo para lograr a mellora en AIVD.

Criterios de exclusión:

- Usuarios con elevada independencia no desempeño ocupacional de AIVD, considerando neste estudo unha puntuación no Índice de Lawton-Brody de 6/8 ou maior.
- Usuarios que durante a duración deste estudo acudan a outras sesións de estimulación cognitiva e/ou talleres de AIVD, intervencións que puidesen alterar os resultados obtidos coa intervención coa videoconsola Wii.
- Usuario con afectación en habilidades físicas e/ou sensoriais que impidan a utilización da ferramenta Wii.
- Usuario que non teñan interese na proposta ou que abandonase ó longo das sesións coa Wii.

Táboa III. Criterios da mostraxe do estudo

CRITERIOS DE INCLUSIÓN	CRITERIOS DE EXCLUSIÓN
Usuarios do CPAP	Usuarios con elevada independencia e autonomía no desempeño ocupacional de AIVD (actividades instrumentais da vida diaria), considerando en este estudio unha puntuación de Índice de Lawton-Brody maior de 5/8
Usuarios con dano cerebral adquirido a partir do ano 2009	Usuarios que acudan a outras sesións de estimulación cognitiva e/ou talleres de AIVD
Usuarios con certo nivel de dependencia na área AIVD considerándose neste estudio unha puntuación no Índice de Lawton-Brody menor de 5/8 (incluída esta)	Usuarios con afectación en habilidades físicas e/ou sensoriais que impidan a utilización da ferramenta Wii
Usuarios que presenten interese nas novas tecnoloxías e polo tanto na participación no estudo para a mellora en AIVD	Usuarios que non teñan interese na proposta

5.5 Perfil dos participantes

Unha vez finalizado o proceso de selección obtívose unha mostra de dous participantes, ambos varóns e ca mesma idade, 28 anos. Aos dous ofréceselles a posibilidade de formar parte da investigación, facéndolles entrega do documento de información do estudo (apéndice II) ao mesmo tempo que se realizan aclaracións e se resolven dúbidas nun contacto previo ao comezo da intervención coa Wii. Tras todo isto faise entrega dos consentimentos informados (apéndice III), os cales os usuarios tiveron que firmar para poder participar no traballo de investigación. Na seguinte táboa (Táboa IV) analízanse o perfil dos usuarios seleccionados.

Táboa III. Perfil dos informantes

	CÓDIGO	SEXO	IDADE	ANO DO DCA	ÍNDICE DE LAWTON
Participante1	P1	Varón	28 anos	2009	5/8
Participante2	P2	Varón	28 anos	2009	4/8

5.6 Recollida de información

Para a recollida de datos empregouse unha escala de elaboración propia para recoller datos do desempeño ocupacional en AIVD (apéndice IV), a batería LOTCA 2ªedición (apéndice V) e tamén, unha entrevista semiestruturada (apéndice VI), e a observación participante que foi rexistrada no caderno de campo (apéndice VII).

Recollida de información cuantitativa

Escala de AIVD (actividades instrumentais de la vida diaria) : escala non estandarizada creada pola investigadora especificamente para este

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

estudo, baseándose nas características do mesmo (nas actividades instrumentais potenciadas directamente cos videoxogos). Neste instrumento de avaliación recóllense seis categorías de actividades instrumentais da vida diaria:

- Coidado do fogar
- Alimentación
- Coidado de outros
- Manexo do diñeiro e compras
- Mobilidade na comunidade
- Uso de sistemas de comunicación

Todas as categorías están formadas por diferentes items que foron valorados antes e despois da intervención coa videoconsola Wii. As puntuacións son: 0, 1, 2 e 3 (considerando 1 alta dependencia e 3 alta independencia).

Batería LOTCA: a batería de Avaliación Cognitiva Lowenstein Occupational Therapy Cognitive Assesment (LOTCA) é un instrumento de avaliación cognitiva utilizado por terapeutas ocupacionais. A súa utilización é moi sinxela, e os resultados obtidos teñen un alto grado de fiabilidade. A escala deriva da experiencia clínica, de teorías de neuropsicoloxía e do desenrolo de procedemento de avaliación. Para este estudo empregouse a 2ª edición da batería LOTCA dispoñible no centro CPAP, que data do ano 2000 e é unha versión revisada da 1ª edición.³

A batería analiza catro áreas fundamentais dos compoñentes cognitivos - perceptivos a partir de diferentes materiais que trae o maletín do instrumento de valoración:

- Orientación: avalíase a orientación temporal e espacial do usuario.
- Percepción: avalíase a identificación de diferentes obxectos en debuxos, imaxes reais, imaxes dende diferentes perspectivas e superpostas.

Uso da videoconsola Wii para a capacitación para a vida independente

- Organización visomotora: avalíase a resposta motora a través de actividades perceptivas con compoñentes espaciais, como son, copiar, debuxar e construír un modelo.
- Operacións racionais: avalíase mediante actividades de categorización, clasificación e ordenación de obxectos segundo as características que perciba o usuario.

Por último valórase a atención e a concentración do participante durante a actividade a partir da observación da propia investigadora.

Neste estudo foi aplicado esta batería de avaliación xa que ambos participantes do estudo presentan alteracións a nivel cognitivo, e con esta valoración preténdese analizar a relación dos compoñentes cognitivos co desempeño ocupacional tras a intervención coa videoconsola Wii.

Recollida de información Cualitativa

Historias clínicas: revisión da información dos participantes do estudo, tanto para seleccionar a mostra seguindo os criterios de inclusión e de exclusión, e ao longo do estudo de investigación.

Entrevista semiestruturada: a investigadora creou un formato de entrevista semiestruturada, con preguntas abertas para coñecer a visión sobre a experiencia de participar na investigación, co fin de obter datos relevantes para a análise dos resultados. Nela recóllense comentarios que os participantes fan sobre o programa de intervención, é dicir, a percepción dos informantes acerca do estudo e como este influíu no seu desempeño ocupacional.

Observación participante: a observación participante combina a análise de documentos, a entrevista aos participantes e a observación directa durante o propio proceso de intervención. O investigador observa dende a perspectiva dun membro que chega a influír debido a súa participación.

A observación participante lévase a cabo durante as 80 sesións da videoconsola Wii (40 sesións cada usuario) os 30 minutos que dura cada

unha delas. Durante a observación lévanse a cabo anotacións no diario de campo, recollendo datos visuais e verbais dos propios participantes que poden influír na análise dos datos, sendo relevantes para o estudo.

5.7 Material empregado para a intervención

Como se mencionou anteriormente, son dous os xogos seleccionados para o adestramento en AIVD:

Cooking Mama 2 World Kitchen

Cooking Mama é un videoxogo para a videoconsola Wii no cal o obectivo principal é realizar receitas de cociña.

O xogador intervén nun entorno virtual mediante a pantalla do televisor e o mando da Wii. O contexto físico é unha cociña virtual e o xogador está acompañado pola súa nai virtual e a mascota da familia, tamén ten a opción de cociñar con amigos. Unha das características principais do xogo é o realismo deste, xa que os movementos de execución e o tempo das diferentes técnicas de cociña facilita a súa aplicabilidade nun entorno real (a cociña dos seus fogares).

A actividade comezou creando un propia personaxe, escollida polos gustos e intereses do propio participante. Seguidamente cada día traballouse sobre unha receita entre moitas opcións que presenta o videoxogo, neste caso levouse a cabo unha graduación da actividade, seleccionando primeiro as de execución máis sinxelas e posteriormente as de maior dificultade.

